

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



ITINERARIO 6º (IMPROVISACIÓN)
GRAO PROFESIONAL
DEPARTAMENTO DE MUSIXOLOXÍA

Contenido

1. Introducción	3
2. Obxectivos das ensinanzas	3
2.1. Obxectivos xerais do Grao Profesional	4
3. Obxectivos específicos	5
3.1. Grao Profesional	5
4. Metodoloxía	5
5. Atención á diversidade	6
6. Temas transversais	7
6.1. Educación en valores	7
6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	8
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	8
8. Secuenciación do curso	8
Curso 6º GP	8
8.1. Obxectivos	8
8.2. Contidos	9
8.3. Avaliación	10
4. Medidas de recuperación	14

1. Introducción

A materia de improvisación é optativa para o alumnado que está a cursar 6º de grao profesional.

Ó longo dos seus estudos, tanto no grao elemental como no grao profesional o alumnado tivo ocasión de practicar a improvisación sobre todo na asignatura de linguaxe musical. Os pianistas, en particular, tiveron unha asignatura durante tres anos (Repentización e Acompañamento), na que a improvisación xoga un papel importante.

Outros estudos, como Harmonía e análise (co seu estudo das formas musicais), serán fundamentais para o correcto aproveitamento desta materia.

Esa materia vén a encher un baleiro descoidado nos anteriores currículos de música, en canto ó desenvolvemento da capacidade dos alumnos a desenvolver melodías según uns determinados esquemas harmónico-formais, e tamén rítmicos.

Estes estudos non fan outra cousa que enlazar cunha practica secular da ensinanza da música, na que a improvisación tiña unha grande importancia (de sobra é coñecido que os grandes Mestres da música, e por extensión calquera músico que se preciara eran grandes improvisadores.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse. Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1. Obxectivos xerais do Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, a función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

3. Obxectivos específicos

3.1. Grao Profesional

O ensino da improvisación terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- Coñecer e saber aplicar de forma practica no propio instrumento os elementos sintáctico-musicais propios dos distintos periodos da historia da música.
- Desenvolver a capacidade de improvisación musical no alumnado en diversos contextos sonoros.
- Desenvolver a capacidade de análise harmónica, melódica, rítmica e formal do alumnado
- Desenvolver a capacidade auditiva para o recoñecemento dos distintos elementos que conforman a linguaxe musical (ritmos, intervalos, acordes, esquemas formais etc) como ferramenta imprescindible para a improvisación.

4. Metodoloxía

O desenvolvemento da materia consistirá basicamente na proposta de tarefas por parte do profesorado nas que se vaian tratando os diversos contidos da materia. Nun primeiro momento traballaránse na clase e seguidamente o alumnado profundizará na comprensión, de xeito que se permita ó alumnado assimilar axeitadamente todos os aspectos que se traballen e poidan aplicalos de forma axeitada en novas situacións. Neste sentido é preciso que o profesorado se deteña nos aspectos que resulte substanciais e formativos, evitando progresar, aparentemente con rapidez, pero dunha maneira superficial.

Mediante o traballo das distintas partes desta materia, preténdese que o alumno domine e entenda o seu instrumento e que lle permita poder expresarse musicalmente na súa totalidade no nivel deste curso. Para ello nos serviremos de distintas pezas de musica que creen conflitos progresivamente maiores para que o alumno poda resolvelos con total autonomía ao finalizar o curso. Repartirase o traballo ao longo do mesmo según o traballo realizado polo alumno e o desenvolvemento das súas capacidades.

Realizaráanse exercicios de improvisación nas distintas tonalidades propostas polo profesor a cada alumno, así como diversos exercicios escritos e diferentes propostas da parte da materia de improvisación.

5. Atención á diversidade

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

Alumnado estranxeiro

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se sedera ese caso tomariáanse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

6. Temas transversais

6.1. Educación en valores

Con esta programación farase fincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.

- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que disponemos para formarnos como persoas.

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

8. Secuenciación do curso

Curso 6º GP

8.1. Obxectivos

- . Profundizar no estudo dos diferentes estilos de improvisación.
- . Ampliar os coñecementos de harmonía e contrapunto.
- . Compoñer pequenas pezas partindo dun esquema harmónico dado, para improvisar sobre elas.
- . escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de improvisacións escritas.
- . Identificar os procedementos estudados a través da audición de improvisacións ou improvisacións escritas.
- . Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos improvisativos básicos estudados.

. Tocar nun instrumento polifónico as improvisacións realizadas e coñecer os diferentes instrumentos, as súas posibilidades e técnica básica, orientada a improvisación.

8.2. Contidos

- O ritmo, diferenciación entre pulso, metro
 - Práctica de distintos valores rítmicos de forma illada.
 - A densidade rítmica como organizadora da improvisación.
 - A sincopación.
 - Desprazamento rítmico ou “disonancia métrica”
 - Aumento e diminución dos valores rítmicos.
 - Características rítmicas dos distintos periodos históricos.
 - Emprego das distintas dinámicas, rexistros e articulacións na organización da improvisación.
 - A lonxitude da frase, o fraseo regular e irregular.
 - Distintas relacións entre o fraseo e a barra do compás.
 - Diferenzas entre escala e modo.
 - As escalas melódica (maior e menor), harmónica (maior e menor), pentatónica e cromática.
 - As escalas simétricas: aumentadas ou hexatónicas e disminuídas ou octatónicas.
 - Os “patróns” baseados en escalas.
 - Escalas-modos característicos dos distintos periodos históricos.
 - Os acordes: estrutura básica e superestructura. O cifrado: distintas nomenclaturas. Ornamentación.
 - Os acordes de 7^a diatónicos e os seus modos correspondentes (escala maior).
 - Disposicións básicas dos distintos acordes de 7^a.
 - Principios básicos de substitución harmónica.
 - Improvisación “harmónica”.
-
- A música tonal e a música modal: distintos criterios á hora de organizar as progresións harmónicas.

- Características harmónicas dos distintos periodos históricos.
- A melodía e a súa estrutura: as notas guía.
- Ornamentación de liñas melódicas creadas a partir de notas guía.
- O motivo: características e técnicas de desenvolvemento.
- Improvisación a partir dunha melodía ou motivo dado.
- Características melódicas nos distintos periodos históricos.
- Relación escala (modo) – acorde.
- A improvisación en grupo: o rol de cada instrumento en función das súas características técnicas e da formulación formal da improvisación.
- Técnicas de acompañamento: principios básicos, diferentes texturas, e principais características nos distintos periodos históricos.
- Estructuras harmónico-formais máis habituais e características dos distintos estilos.
- A estrutura da improvisación: a relación dos distintos elementos constitutivos da música coa forma.
- A transcripción musical harmónica e melódico – harmonica.

8.3. Avaliación

Esta avaliación constará de varias fases:

1. Avaliación inicial: será realizada ao comezar o curso, momento na que trataremos de detectar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos. No inicio de cada unidade didáctica procuraremos facer unha enquisa oral para observar o grao de coñecemento do tema por parte de cada alumno.
2. Avaliación formativa:
 - Avaliaremos constantemente nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada.
 - Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán avaliar os contidos actitudinais.
 - Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (improvisación con diferentes acordes e escalas, gravacións, exercicios específicos, etc).
3. Avaliación final: A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria, polo que a avaliación será continua, o que implica que a nota final do alumno ou alumna dependerá de diversos parámetros, pero sobre todo do traballo en clase.

Para o alumnado con dereito á avaliación continua, valoraranse os traballos diarios e a actitude mostrada nas clases, sendo posible a realización dalgunha proba de avaliación na convocatoria ordinaria.

O alumnado que supere os exercicios de clase e que mostre unha boa actitude na clase pode aprobar cun 5. O alumnado que desexe máis nota pode facer as probas puntuais que se farán ao longo do curso.

O alumnado perde a avaliación continua con máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre. Este alumnado deberá presentarse obrigatoriamente as probas finais (xuño-septembro) e presentar os traballos que propoña o docente.

8.3.1 Criterios de avaliación

1. Realizar exercicios de improvisación no instrumento a partir de estruturas harmónico-formais ou melodías dadas.

Este criterio a valía o grao de desenvolvemento práctico dos coñecementos adquiridos.

2. Identificar auditivamente os principais elementos sintácticos propios da música dos distintos estilos.

Este criterio establece o grao de comprensión adquirido dentro dos parámetros estruturais e formais da música.

3. Analizar harmónica e formalmente algunhas das pezas máis características dos distintos periodos e estilos da historia da música desde o século XVII ata os nosos días.

Este criterio trata de avaliar o grao de asimilación de conceptos en relación coas características propias dos distintos estilos.

4. Identificar auditivamente estruturas formais concretas.

Este criterio avalía o nivel de comprensión das distintas estruturas formais empregadas.

5. Realizar transcripcions de breves pasaxes musicais dos distintos periodos e estilos da historia da música desde o século XVII ata os nosos días.

Este criterio pretende establecer o grao de adecuación histórica e estilística dos coñecementos adquiridos..

2. Mínimos esixibles

A nota final dependerá do seguimento individual, e das probas trimestrais e da final (se estas se realizan).

A proba trimestral e a final consistirá nunha improvisación, unha identificación auditiva e formal, unha análise e unha transcripción.

Para poder aprobar o curso, a nota final debe ser igual ou superior ó 5.

3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Para o alumnado con dereito á avaliación continua:

Traballos de clase

Participación activa nas clases

Probas de avaliación na convocatoria ordinaria

Para o alumnado que perda dereito á avaliación continua ou non supere a convocatoria ordinaria:

Probas obxectivas

Entrega de traballos

A avaliación será contínua, valorando o traballo realizado ó longo do curso, a regularidade do mesmo, a súa calidade técnica, a creatividade e, en aqueles apartados que exixan participación as aportacións individuais e o interese amosado.

As ferramentas de avaliación deben ser obxectiva, fiables e ponderables, capaces de discriminar niveis de rendemento a través de escalas cuantitativas (numéricas) e cualitativas (cualificacións).

A avaliación non estará centrada nos contidos de tipo conceptual, senon que se valorarán tamén os contidos procedimentais e actitudinais, polo tanto, empregaránse como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Observación sistemática, diaria e individual de cada alumno.
- Diario de clase do profesor, onde serán anotadas as actividades realizadas con cada grupo, etc.
- Realización de traballos en grupo, abrindo un debate e con aportación de ideas de cada alumno.
- Probas que deberan amosar os coñecementos adquiridos do alumno.

4. Criterios de cualificación

Para o alumnado con dereito á avaliación continua, valoraranse os traballos diarios e a actitude mostrada nas clases, así como o traballo realizado nas clases. O alumnado entregará os traballos ao remate de cada trimestre.

O alumnado perde a avaliación continua con máis de 4 faltas sen xustificar por trimestre. Este alumnado deberá presentarse obrigatoriamente as probas finais (xuño-septembro) e presentar os traballos que propoña o profesor.

Aqueles alumnos que non superen a materia coa avaliación contínua, así como os que non

asistirán ás clases, ou os que queiran subir a cualificación obtida, deberán realizar un exame final en cada trimestre

Dito exame consistirá nunha proba práctica como mínimo.

Os trimestres con suspenso non se recuperarán, ó ser a materia de contido acumulativo. Se un alumno aproba un trimestre levando suspenso no anterior, terá recuperada a materia.

Segundo a nova reforma educativa os alumnos poderán promocionar ao seguinte curso tendo dúas materias suspensas (algo que non sucedía anteriormente).

Ademais tamén se contemplan exames de recuperación en setembro

Os alumnos que leven suspenso en xuño, ó igual que os que non asistiran ás clases e queiran aprobar a materia, poderán realizar un exame en setembro.

Dito exame será como os trimestrais descritos con anterioridade.

A baremación exacta do exame será unha decisión a tomar polo profesor, se ben porcentaxes de maior a menor.

Os sistemas de cualificación son a ferramenta que concreta cuantitativamente os criterios de avaliación (que avaliamos), os procedementos de avaliación (como avaliamos) e a temporalización (cando avaliamos).

Nesta programación están marcadas as porcentaxes sobre a nota final resultando as valoracións seguintes (para os alumnos con dereito a avaliación continua):

- A improvisación, suporá un 60% da nota final.
- A identificación auditiva, un 10% da nota final.
- A análise, un 10% da nota final.

- A identificación auditiva de estruturas formais, un 10% da nota final.
- As transcripcións, un 10% da nota final.

Cada un dos criterios de avaliación citados anteriormente será puntuado do 1 ó 10 e aplicarase á valoración sistemática das clases e tamén, ás probas específicas trimestrais (e de fin de curso).

Nas probas trimestrais (que se realizarán, ou non) deberán tratarse todos os apartados descritos con anterioridade, segundo os criterios de cualificación, cada un deles será valorado positiva ou negativamente segundo fora tratado.

A suma total de tódalas puntuacións será de 10.

5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non procede.

4. Medidas de recuperación

Realización de traballos na casa.

Realización dunha proba práctica de análise dunha peza proposta polo profesor, na que haberá que analizar en profundidade a harmonía, o contrapunto (no caso de habelo) e os procedementos improvisativos a empregar na obra.

1. Procedementos de recuperación ordinarios

Realización dunha proba práctica de improvisación dunha peza proposta polo profesor, na que haberá que analizar en profundidade a melodía, harmonía, ou ritmo e os procedementos compositivos empregados na obra.

2. Probas extraordinarias de setembro

Realización dunha proba práctica de improvisación sobre peza proposta polo profesor, na que haberá que analizar en profundidade a melodía, harmonía, e os procedementos compositivos empregados na obra.

2. Recursos didácticos

Material de aula:

Piano, reprodutor de MP3, amplificador e guitarra eléctrica, instrumentos de percusión.

Bibliografía:

- Teoría Musical y Armonía Moderna Vol.1 y 2 (Enric Herrera).
- Major and Minor Vol.24 (Jamey Aebersold).
- How to Play and Improvise Vol.1 (Jamey Aebersold).

- Getting it Together Vol.21 (Jamey Aebersold).
- Nothin but Blues Vol.2 (Jamey Aebersold).
- Maiden Voyage Vol.54 (Jamey Aebersold).
- Patterns for Jazz (Jerry Coker).
- Jazz Improvisación (David Baker).
- Pentatonics (Jerry Bergonzi)
- The Real Book of Jazz.